

Edif. CACTI, 2ª Planta
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

uvigo.es/servicios/alumnado

Fel: 986 811 950 Fax 986 812 622	www.uvigo.es
Universidade de Vigo - Registro Xeral	
secciondeposgrao@uvigo.es	
Saída Nº 201100009809	
08/05/11 09:35:33	

CONVOCATORIA DUN PRAZO EXTRAORDINARIO DE ADMISIÓN EN MÁSTERES, PARA ESTUDANTES ESTRANXEIROS/AS PARA O CURSO 2011/2012

Obxecto:

A necesidade de obter un documento de admisión nun máster para solicitar determinados tipos de bolsa e a, en ocasións, longa tramitación requirida para a obtención dun visado por parte de estudantes estranxeiros/as que queren acceder á nosa Universidade aconsellan adiantar o proceso de admisión deste alumnado, en tanto non se fai pública a convocatoria de matrícula para o curso 2011/2012.

A través desta convocatoria adóptanse medidas neste sentido co obxectivo de facilitar o acceso de estudantes estranxeiros aos nosos másteres.

Número de prazos:

Cada máster poderá adiantar a admisión de ata 5 alumnos estranxeiros.

Prazo de solicitudes:

Do 9 de maio ata o 30 de xuño de 2011.

Requisitos de acceso:

Os aspirantes con titulación estranxeira poderán acceder aos estudos de posgrao se cumpren algún dos seguintes requisitos:

1. Estar en posesión dun título expedido por un sistema universitario estranxeiro e que estea homologado a un título español que habilite para o acceso aos estudos de posgrao.
2. Posuír un título expedido por un sistema universitario estranxeiro e sen homologación, coa comprobación previa de que o título expedido polo sistema universitario estranxeiro acredita un nivel de formación equivalente ao correspondente título español de grao e que faculta no país expedidor do título para o acceso aos estudos de posgrao.

No caso de que os aspirantes presente o título dun país alleo ao Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante, EEES) deberán presentar a correspondente solicitude de equivalencia de título. A solicitude de admisión deberá ser aprobada por resolución reitoral, despois de informe motivado favorable da solicitude de equivalencia de título, polo órgano ou unidade administrativa establecida na normativa propia da Universidade de Vigo nesta materia.

Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro do interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os estudos de posgrao na Universidade de Vigo.

A resolución que desestime a equivalencia dos estudos estranxeiros cursados a efectos do ingreso nos estudos de posgrao, implicará a anulación de cantos actos se deriven da matrícula.

Documentación:

O alumnado achegará en formato electrónico á secretaría do centro de adscrición do máster a seguinte documentación:

- a) Solicitude de equivalencia do título (PG-01), debidamente cumprimentada, para titulacións de países de fora do EEES.
- b) Fotocopia compulsada do Documento de Identidade do país de orixe ou Pasaporte
- c) Fotocopia do título universitario estranxeiro
- d) Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado
- e) Plan de estudos
- f) No caso de que a Comisión Académica do máster así o determine poderá solicitarse tamén o programa das diferentes materias aos efectos de comprobar os seus contidos e carga lectiva.

O alumnado que posúa certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañala da correspondente tradución xurada. En tales casos a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

No momento en que a matrícula sexa formalizada, e no caso dos alumnos con titulacións de países alleos ao EEES, os documentos c), d) e e) deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (Calle José Abascal, 41 – Madrid); os documentos cuñados coa Apostila da Haya non precisan outra legalización diplomática ou consular.

Procedemento:

A secretaría do centro de adscrición emitirá un informe segundo o modelo do anexo II sobre o cumprimento dos requisitos de acceso. Se fose necesario, poderá solicitar, por correo electrónico, soporte para a elaboración do informe á Sección de Posgrao e Formación Continua, que manterá unha relación actualizada de estudos de acceso estranxeiros xa recoñecidos, na páxina web <http://webs.uvigo.es/victcc/>, como referencia para a elaboración de dito informe.

Despois a secretaría do centro de adscrición trasladará a solicitude, e a súa documentación, en formato electrónico, á Comisión Académica do máster para que emita informe sobre os requisitos de admisión, segundo o modelo do anexo III, trasladándoo de novo á secretaría do centro.

Finalmente, a secretaría do centro enviará por correo electrónico ao enderezo da Sección de Posgrao e Formación Continua, posgrao2@uvigo.es, en formato electrónico, copia da solicitude, do informe de acceso e do informe de admisión.

A Secretaría Xeral emitirá ao solicitante, se procede, carta de admisión, coa que poderá realizar as xestións necesarias en canto a bolsas, e tamén en canto a visados, consonte ao establecido no novo regulamento da Lei de Estranxeiría (Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social,

tras a reforma por Lei Orgánica 2/2009, publicado no Boletín Oficial do Estado do 30 de abril de 2011).

Para facilitar no posible estas xestións a Sección de Posgrao e Formación Continua achegará á ORI unha relación de alumnos estranxeiros admitidos por este procedemento.

O alumnado deberá realizar a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinen na correspondente convocatoria de matrícula.

A secretaría do centro tramitará, unha vez realizada a matrícula, a solicitude de equivalencia de título consonte ao procedemento que se determine no curso 2011/2012.

Confirmación de matrícula:

A implantación dos estudos de máster universitario está condicionada á confirmación da autorización por parte do Consello de Universidades e da Xunta de Galicia, así como a acadar o número mínimo establecido de alumnos matriculados, para cada tipo de máster. Se se cumpren estas condicións, a matrícula se confirmará sempre que haxa menos solicitantes que prazos se estableceran para cada cupo, ou habendo máis solicitudes, cando o expediente do/da alumno/a ocupe un posto igual ou inferior ao número de prazos convocadas. Ao alumnado ao que a súa matrícula non lle poida ser confirmada por estes motivos terá dereito á devolución das taxas correspondentes que realmente houbera aboado.

Vigo, 4 de maio de 2011



Margarita Estévez Toranzo

SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA,
PROFESORADO E TITULACIÓNS

SR. VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE
SR. VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SR. VICERREITOR DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS
SRA. SECRETARIA XERAL
SRES./AS DIRECTORES/AS DECANOS/AS DOS CENTROS CON MESTRADOS UNIVERSITARIOS
SRA. XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
SR. XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN
SR. XEFE DE SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE XESTIÓN E ADMISIÓN DE ALUMNOS
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANOS DE ESTUDO
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS
SRES/AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS CON MESTRADOS UNIVERSITARIOS
SRES/AS XEFES/AS DA ÁREA ACADÉMICA DOS CENTROS CON MESTRADOS UNIVERSITARIOS
SRS/AS RESPONSABLES DOS REXISTROS
SRS/AS XEFES/AS DAS ÁREAS DE SERVIZO Á COMUNIDADE
SRA. XEFA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL
SRES/AS COORDINADORES/AS DOS MESTRADOS UNIVERSITARIOS



PG-01

**SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE
EQUIVALENCIA DE TÍTULO EXTRANXEIRO (*)
SOLICITUD DE RECONOCIMIENTO DE
EQUIVALENCIA DE TÍTULO EXTRANJERO (*)**

(*) A os efectos exclusivos de cursar estudos de Mestrado na Universidade de Vigo
(*) A los efectos exclusivos de cursar estudios de Máster en la Universidad de Vigo

Máster Universitario en:
(a cubrir por el/la interesado/a)

Nombre:
NIF /Pasaporte nº:
Nacionalidad:
Nacionalidad:
En posesión del título académico de:
Obtenido en la Universidad de:
En fecha
Domicilio a efectos de notificación

Teléfono
Correo Electrónico

EXPONE que desea cursar estudios universitarios de máster en la Universidad de Vigo,
por lo que

SOLICITA el reconocimiento de la equivalencia académica del título que presenta con el nivel de Licenciado, Ingeniero, Arquitecto, Diplomado, Ingeniero Técnico, Arquitecto Técnico o Graduado Universitario en España. Para lo que adjunta la siguiente documentación:

<input type="checkbox"/>	Fotocopia del NIF o Pasaporte.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia compulsada del Título Universitario extranjero (1).
<input type="checkbox"/>	Certificación académica de los estudios universitarios cursados conducentes al título presentado (1).
<input type="checkbox"/>	Programa de las diferentes materias a los efectos de comprobar sus contenidos y carga lectiva
<input type="checkbox"/>	Plan de estudios (1)
<input type="checkbox"/>	Otros (indicar)

(1) La documentación, tanto original como fotocopias, deberá estar legalizada por vía diplomática (excepto estados acogidos al convenio de La Haya de 05/10/61, y con la correspondiente traducción oficial al español o gallego, así como el visto bueno del Ministerio de Asuntos Exteriores de España. La certificación académica indicará las calificaciones máxima y mínima del sistema de evaluación.

En _____, a _____ de _____ de 20__

Firmado:

EXCMO. SR. RECTOR MAGNIFICO DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO

ANEXO II

INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE ACCESO A ESTUDOS DE MÁSTER PARA ESTUDANTES ESTRANXEIROS/AS

NOME:

CARGO:

FAI CONSTAR, que examinada a solicitude de admisión no Máster de
_____ do/a alumno/a:

APELIDOS E NOME:

DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN:

Comprobáronse os seguintes datos:

ESTUDOS REALIZADOS:

UNIVERSIDADE:

PAÍS:

DURACIÓN:

DAN ACCESO NO PAÍS DE ORIXE A ESTUDOS DE POSGRAO?

SI

NON

_____, a ____ de _____ de 20__

SRA. SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(enviar á Sección de Posgrao e Formación Continua)

ANEXO III

INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE ADMISIÓN A ESTUDOS DE MÁSTER PARA ESTUDANTES ESTRANXEIROS/AS

NOME:

CARGO:

FAI CONSTAR, que examinada a solicitude de admisión no Máster de _____ do/a alumno/a:

APELIDOS E NOME:

DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN:

- Cumpre cos requisitos de admisión establecidos para dito máster.
- Non cumpre cos requisitos de admisión establecidos para dito máster nos seguintes aspectos:

_____, a ____ de _____ de 20__

SRA. SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO
(enviar á Sección de Posgrao e Formación Continua)



UNIVERSIDADE
DE VIGO

SOLICITUD DE CARTA DE ADMISIÓN PARA ESTUDIANTES EXTRANJEROS DE MÁSTER

PG-05

Máster Universitario en:
(a cubrir por el/la interesado/a)

Nombre:
Pasaporte nº:
Nacionalidad:
En posesión del título académico de:
Obtenido en la Universidad de:
En fecha
Domicilio a efectos de notificación

Teléfono
Correo Electrónico

EXPONE que desea cursar estudios universitarios de máster en la Universidad de Vigo,
por lo que

SOLICITA una carta de admisión en dicho máster para lo que adjunta la siguiente documentación:

<input type="checkbox"/>	Fotocopia del NIF o Pasaporte.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia compulsada del Título Universitario extranjero (1).
<input type="checkbox"/>	Certificación académica de los estudios universitarios cursados conducentes al título presentado (1).
<input type="checkbox"/>	Programa de las diferentes materias a los efectos de comprobar sus contenidos y carga lectiva
<input type="checkbox"/>	Plan de estudios (1)
<input type="checkbox"/>	Otros (indicar)

(1) La documentación, tanto original como fotocopias, deberá estar legalizada por vía diplomática (excepto estados acogidos al convenio de La Haya de 05/10/61, y con la correspondiente traducción oficial al español o gallego, así como el visto bueno del Ministerio de Asuntos Exteriores de España. La certificación académica indicará las calificaciones máxima y mínima del sistema de evaluación.

En _____, a _____ de _____ de 20__

Firmado:

SR. RECTOR MAGNIFICO DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO